

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día un de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1018).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1019).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 114403/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.08.15 e o informe de fiscalización do 28.08.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 26.08.15, conformado polo concelleiro delegado de Política Social (Res.Alcaldía 21.08.15), e o concelleiro delegado de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).*
- *EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.*
- *L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.*
- *L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas.*
- *L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).*
- *RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.*
- *TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).*
- *Pregos (FEC – PCAP) e contrato do servizo sanitario-asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, asinado o 24.10.2013 (BOP nº 217, do 12.11.2013).*
- *Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.*
- *Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 14 de xullo de 2015 a Concelleira Delegada da Concellería de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- *Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo xefe de Area de Política Social e, o Asesor Xurídico adxunto a Benestar Social o 14 de xullo de 2015.*
- *Resolución da Concelleira de Política Social do 14 de xullo de 2015, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- *Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de área de Política Social conformado pola Concelleira de Política social de 24 de xullo de 2015.*
- *Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe de Área de Política Social de data 24 de xullo de 2015.*
- *Prego provisional de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de xullo de 2015.*
- *Informe favorable ó expediente de contratación da Asesoría Xurídica de 7 de agosto de 2015.*
- *Prego provisional de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 10 de agosto de 2015, coas modificacións indicadas pola asesoría xurídica.*
- *Informe de intervención de 20 de agosto de 2015, indicando algunhas correccións a realizar.*
- *Novo prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de área de Política Social conformado pola Concelleira de Política social de 21 de agosto de 2015.*
- *Prego provisional de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de agosto de 2015, coas modificacións indicadas por intervención.*
- *Informe favorable ó expediente de contratación da Asesoría Xurídica de 25 de agosto de 2015*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 109.1 do TRLCSP inicianse polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia esta delegada (Apdo. Cuarto, pto. 5 da Resolución da Alcaldía-Presidencia do 19.06.2015, de estruturación dos servizos corporativos municipais e Apdo. segundo, pto. 4) do Acordo da XGL do 19.06.2015) nos concelleiros de Area. A Concelleira da Area de Benestar Social en resolución de 14 de xullo de 2015 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como preveé o art 109 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe da Área de Política Social e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación e o procedemento aberto.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 115, disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, disposición adicional oitaba, apartado 3) da Lei 7/1995, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, introducida por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 25 de agosto, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares.

Quinto.- No artigo 109-3º do TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación o expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP. A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

Sétimo.- Tendo en conta o tipo de necesidades sociais e sanitarias que se pretenden satisfacer, a conveniencia de garantir a continuidade na prestación do servizo e, polo tanto, a necesidade de adxudicar o contrato antes do vindeiro 01.11.2015, solicítase a tramitación urxente do expediente, evitando así ter que implementar mecanismos extraordinarios de aboamento do servizo ó actual contratista, que ven de renunciar o 27.05.2015 á prórroga do contrato (XGL do 10.07.2015).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 21 de agosto e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento aberto de data 24 de agosto de 2015.

2º.- Aproba-lo gasto de 1.394.080,00 euros, para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, que se imputará á partida 3112.2279901 e a súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2015: 116.173.33€

ano 2016: 697.040,02€

ano 2017: 580.866.68€

3º Aprobar a tramitación urxente do expediente.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1020).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2015. EXPTE. 104274/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.08.15, dáse conta do informe-proposta da instructora do expediente, do 18.08.15,

conformado polo xefe e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2015, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2015 (BOP nº 83 de 05/05/2015), convócanse subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.

Segundo.- Tramitados os expedientes conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instructora do expediente, co informe da Comisión de avaliación, eleva proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a acta da citada comisión de data trece de agosto de dous mil quince, na que se detallan as distintas propostas de concesión e denegación, sinalando, no seu caso, o concepto e o importe das mesmas.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria 2310 4890000 "Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social, no vixente orzamento de gastos, por un total de 50.000 euros.

Cuarto.- O reparto do crédito establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

Quinto.- O importe a conceder ascende a 48.766,40€, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado polas entidades ASOC. RED MADRE PONTEVEDRA, ASOC. AYUDA A LA VIDA – AYUVI e ASOC, AUTISMO VIGO.

Sexto.- As entidades solicitantes presentaron declaración responsable ante o departamento de Política de Benestar de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. A dita declaración substitúe a presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto a simplificación na acreditación, segundo establece o artigo 31.7 i) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 24.4.7 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Así mesmo, constátase que reúnen o resto dos requisitos para obter a condición de beneficiario das subvencións establecidos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

-- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 48.766,40 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2015, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE SEGUN PUNTUACION	IMPORTE CONCEDIDO
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	3.000,00	25	1.245,00	1.245,00
ASOC. PARKINGON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON	2.681,80	32	1.593,60	1.593,60
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SALVORA"	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE PROTEC. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECT.	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLIXIA -ASVIDAL-	G36627453	CONTRATAACION UNIDADE DE APOIO PROGRAMA CAPACITACION E INSERCIION SOC.	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER – XUNTA LOCAL DE VIGO	G28197564	PROGRAMA REHABILITACION PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	1.753,80	33	1.643,40	1.643,40
ALENTO – ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	INFORMACION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. XUVENIL AREAS	G36768729	A ESCOLIÑA	1.937,00	28	1.394,40	1.394,40
ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION – ANHIDA	G36938272	COACHIN A PAIS E NAIS DE AFECTADOS DE TDAH	3.321,12	24	1.195,20	1.195,20
ASPANAEX	G36605905	OBRADOIRO DE DINAMICAS PARA TRABALLAR A ESTIMULACION MOTRIZ E SENSORIAL	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASDAN AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	"VIVE DEPORTIVAMENTE" ANO 2015 CONTINUIDADE E CONSOLIDACION	1.500,00	30	1.494,00	1.494,00
ASOC. RED MADRE PONTEVEDRA	G27707686	MARINA: APOIO PSICOLOXICO A MULLERES XEST. E LACT. CON NECESIDADES ESPECIALES	1.051,60	31	1.543,80	1.051,60
ASOC. AYUDA A LA VIDA – AYUVI	G36802536	COIDANDO AS EMOCIÓNS	800,00	23	1.145,40	800,00
FUNDACION JUAN SOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RÚA	3.000,00	34	1.693,20	1.693,20
ASOC. XARUMA	G27746486	NATURALMENTE	3.000,00	28	1.394,40	1.394,40
FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA -COGAMI	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA A MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	30	1.494,00	1.494,00
AMAINA – ASOC. PARA A PROMOCION DA SAUDE	G27802818	GRUPO DE AUTOAPOIO PARA FAMILIARES DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE ADICCION	2.765,00	21	1.045,80	1.045,80
ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL	3.000,00	24	1.195,20	1.195,20
ASOC. AUTISMO VIGO	G36849883	INFORMACION SOBRE OS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO	800,00	24	1.195,20	800,00
FEAFES GALICIA	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILIAR A FAMILIAS, CODADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	3.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ASOC. DIVERSIDADES	G27783950	DRUM-BUN – ITINERARIOS FORMATIVOS PARA A INCLUSION SOCIAL 2015	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
FADEMG GALICIAQ	G36620037	SERVIZO DE EMPREGO DO CENTRO COLABORADOR DO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
ASOC. DOWN VIGO	G36697324	"MOVE O CORPO" OBRADOIRO PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASOC. FAMILIARES DE ALZHEIMER DE GALICIA	G 36776920	"ATENCIION PSICOLOXICA INTEGRAL" DIRIXIDO A PERSOAS AVECTADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE POR ALGUN TIPO DE DEMENCIA	3.286,50	26	1.294,80	1.294,80
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	ECONOMIA DOSMESTICA E CIDADANIA	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
APAMP. ASOC. DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	XENTE INDEPENDENTE	2.000,00	26	1.294,80	1.294,80
HNOS. MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE HERMANOS MISIONEROS	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASOC. VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA (AVEMPO)	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSIS MULTIPLE	3.000,00	21	1.045,80	1.045,80
ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA	3.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ASOC. INICIATIVAS APOIO INFANCIA (ARELA)	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	3.000,00	31	1.543,80	1.543,80
ASOC. DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE REINSERCIION PSICOLOSOCIAL PARA PERSOAS CON PATOLOGIA DUAL	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA	G27727593	REFORZO ESCOLAR PARA SECUNDARIA	1.800,00	28	1.394,40	1.394,40
FUNDACION CUME DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	PROXECTO "FALAMOS" DE INTEGRACION E ALFABETIZACION DE INMIGRANTES	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DILIXENTEMENTE	2.500,00	25	1.245,00	1.245,00
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	INTEGRACION FAMILIAR	3.000,00	30	1.494,00	1.494,00

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2015:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	"INSERTANDO"	0	DESESTIMADA BASE 3.8
ASOC. DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	G36622835	OBRADOIROS PREVENCION DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS XORDAS E OS SEUS FAMILIARES	6	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. SODINAUTICA	G36796142	NAUTICA EN IGUALDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
SODIM – SOCIEDAD DESARROLLO IDEAS TECNICAS MINUSVALIDOS FISICOS	G36633022	ACTIVIDADE 2015	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASO. XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	XXII ANIVERSARIO DA ENTIDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DE VIGO	6	DESESTIMADA BASE 3.4
CLUB DE OCIO Y TIEMPO LIBRE "NOVAS RUTAS"	G36854867	PROXECTO SOCIO-EDUCATIVO ALEDAR	0	DESESTIMADA (OBJECTO)BASES 1ª Y 2ª
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	FIN DE SEMANA DE OBRADOIROS E CONVIVENCIA CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	G36861078	INFORMACION XURIDICA AO TEU ALCANCE	4	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. VECIÑOS SAN MIGUEL DE OIA	G36648640	MELLORANDO XUNTOS	0	DESESTIMAR. NO PRESENTO DOCUMENTACION
MULLERES PROGRESISTAS	G36657336	OBRADOIRO DE HISTORIA DE VIDA: O VIGO QUE CONSTRUIMOS	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASEM GALICIA	G36925691	XXX CONGRESO ASEM	0	DESESTIMADA BASE 3.2
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	A MANUTENCION DOS COLABORADORES NOS XOGOS AUTONOMICOS DE NATACION VIGO 2015	6	DESESTIMADA BASE 3.4
REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	G36928646	CO.RESSONSABILIZANDO-NOS	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES	G36633618	AUTOESTIMA MEDIANTE TAREFAS DIARIAS	0	DESESTIMADA BASE 3.2
HERMANDAD PROVINCIAL DE ANTIGÜOS CABALLEROS LEGIONARIOS DE PONTEVEDRA	G36842409	MAYORES EN LA RED – MANUAL PREINICIO A LA INFORMATICA	0	DESESTIMADA. NON CUMPRE REQUISITOS.BASE 6 a)
FORGA	G36818367	INTEGRACION: FAMILIA-SOCIEDADE	1	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. INTEGRACION	G94059755	INTEGRADOS15	0	DESESTIMADA BASE 3.8
ASOC. CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	VIGO É CULTURA	0	DESESTIMADA BASE 3.2

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1021).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A., CONTRA A SÚA EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta do informe-proposta referido, de data 21.09.15, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LBRL).*

ANTECEDENTES

En data 16 de setembro, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, notificou a esta Administración a Resolución de data 15 de setembro de 2015, adoptada durante a tramitación do recurso 914/2015, recurso especial en materia de contratación interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, contra a súa exclusión do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo. Na citada resolución, o TACRC acorda a “concesión da medida provisional consistente en suspender-lo procedemento de contratación de conformidade co establecido nos artigos 43 e 46 do TRLCSF, de forma que segundo o establecido no artigo 47.4 do mesmo corpo legal, será a resolución do recurso a que acorde o levantamento da medida adoptada”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...)

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 3 de novembro de 2014, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES, interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo. Durante a sustanciación deste recurso, o TACRC, en resolución de

data 28 de novembro de 2014, o TACRC acorda a medida provisional de suspensión do procedemento. O recurso finaliza con resolución 20/2015, de data 9 de xaneiro de 2015.

Terceiro.- En data 18 de febreiro de 2015, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES, interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo. Durante a sustanciación deste recurso, o TACRC, en resolución de data 31 de marzo de 2015, o TACRC acorda a medida provisional de suspensión do procedemento. O recurso finaliza con resolución 388/2015, de data 24 de abril de 2015.

Cuarto.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación do procedemento obxecto deste recurso a ALTHENIA, S.L. Este acordo foi obxecto de notificación a tódolos licitadores o mesmo día.

Quinto.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

Sexto.- En data 1 de setembro de 2015, a XGL aprobou o informe sobre o recurso especial citado no apartado anterior e a súa remisión ó TACRC. No fundamento xurídico VI do citado informe se solicitaba do Tribunal que non se adoptase esta medida cautelar. Se reproduce a continuación o mesmo:

“No caso de que o Tribunal acorde admiti-lo presente recurso, se solicita que non se acceda á petición de medida provisional de suspensión solicitada polo recurrente, posto que o TRLCSP non impón como efecto da interposición do recurso cando o que se impugna é un acordo de exclusión dun licitador, a suspensión do procedemento. Efectivamente, o artigo 45 do TRLCSP únicamente prevé a suspensión automática da tramitación do expediente cando o acto recurrido é o de adxudicación.

Se solicita que non se acorde a medida cautelar de suspensión por canto o contrato para a presentación do servizo obxecto desta licitación, mantemento de zonas verdes, finaliza o día 31 de agosto.

O presente recurso foi notificado a esta Administración en data 21 de agosto, 10 días antes da finalización do contrato en curso, no cal non estaba prevista a prórroga.

Tal e como consta no informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 22 de agosto de 2015, “O Concello ten a competencia en materia de Medio Ambiente Urbano, en particular de parques e xardíns públicos (art 25.2.l da lei 7/1985). O Servizo de Montes, Parques e Xardíns é o encargado de supervisar, conservar e mante-las zonas verdes do termo municipal.

As zonas verdes obxecto de contrato na actualidade poden desglosarse en:

ZONAS VERDES	163,9726	Has.
ARBORADO ALINEACIÓN	10.887	unidades
XARDIÑEIRAS	3.535	unidades

A conservación e mantemento destas zonas con diferente tipoloxía e distribuídas ó longo do termo municipal precisan de labores cotianas non só para garanti-la súa calidade ornamental, senon para asegura-la súa supervivencia. As labores recollidas no prego: rega, podas, escardas, desbroces, aboados e demáis están coordinados para asegura-la vida das plantas no entorno urban.

Entre as zonas obxecto de contrato, se atopan algunhas de especial consideración como os xardíns de Castrelos, considerados un ben de interese cultural (BIC), cuns tratamentos moi precisos e cunha superficie de aproximadamente 2,5 Has., incluíndo a rosaleda, o xardín francés...

Non menos importante, por outra parte, son os elementos non vexetais existentes nas áreas verdes como son: as pistas deportivas, e o mobiliario urban, nos que as labores encamiñadas a garanti-la seguridade son de especial importancia polo tipo de uso e polos usuarios dos mesmos.

Mención aparte requiren as piscinas ó aire libre existentes na praia de Samil e que necesitan unha supervisión presencial diaria (socorristas) xa que debido ó seu emprazamento atraen unha elevada carga de usuarios tendo ademáis en conta que permanecen abertas entre os meses de abril e setembro.

Dadas as datas nas que nos atopamos é imposible licitar e adxudicar un novo contrato antes de que venza o que se atopa en vigor, e dada a necesidade de continuar co mantemento e conservación das zonas verdes para evitar danos irreversibles nas mesmas, garanti-la seguridade dos usuarios e evitar custes a esta Administración, se propon que se solicite do Tribunal administrativo central de recursos contractuais a non suspensión do procedemento en curso e se formalice o contrato adxudicado a ALTHENIA, S.L.

E preciso ademáis ter en conta que a empresa que presta actualmente o servizo ten en plantilla a 114 traballadores contratados para a prestación do mesmo, os cales teñen dereito á subrogación conforme ó Convenio Colectivo de aplicación”.

No procedemento que nos ocupa finaliza o contrato, non por imprevisión desta Administración, que comezou a tramitación deste expediente hai máis de un ano, senon porque a mesma se alongou, entre outras circunstancias, pola presentación de tres recursos especiais en materia de contratación.

Considerando que o recorrente solicitou a medida cautelar de suspensión no escrito anunciando o recurso o día 18 de agosto e que esta Administración non recibiu resolución do TACRC no prazo previsto no artigo 43 do TRLCSP, en data 28 de agosto de 2015 procedeuse a formaliza-lo contrato coa empresa adxudicataria, ALTHENIA, S.L., para

que poda iniciar a prestación do servizo o día 1 de setembro e garantir a continuidade no servizo, evitando os danos que puideran ocasionarse en caso contrario”.

Tal e como se desprende do fragmento do informe ó recurso transcrito, esta Administración leva tramitando o presente expediente máis de un ano. Este é o terceiro recurso especial que se interpon durante a súa tramitación e estivo o expediente suspendido en dúas ocasións. Dado que a lexislación actualmente non prevé como solucionar-lo suposto que se plantexa ó órgano de contratación ó finalizar un contrato que non prevé prórroga, esta Administración, perante o problema plantexado pola inminencia da finalización do contrato en curso, optou pola solución que lle pareceu menos lesiva ó interese público, continuar coa formalización do contrato que se estaba tramitando, para garantir a continuidade na prestación do servizo en mellores condicións económicas para esta Administración por ser menor o seu prezo e abrangue-lo mantemento de zonas verdes non comprendidas no contrato anterior. Non sendo suspensiva a interposición do recurso contra a exclusión dun licitador, en cumprimento do disposto no artigo 156.3 do TRLCSP in fine, esta Administración procedeu a formalizar-lo contrato no prazo dos “quinze días hábiles seguintes a aquél en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4”. De feito, a adxudicación deste procedemento foi acordada pola XGL en resolución de data 6 de agosto de 2015, e obxecto de notificación a tódolos licitadores o mesmo día. E dicir, que o recorrente nas datas tanto de anuncio do recurso como de interposición do mesmo era coñecedor desta adxudicación, non téndoa recorrido.

Esta Administración, perante a inminencia da finalización do contrato en curso, optou por formalizar-lo contrato e comeza-la execución do mesmo, tras analizar-lo máis conveniente para o interese público, e tendo en conta dúas circunstancias: primeira, que non se tiña recibido resolución do Tribunal sobre a medida cautelar solicitada polo recorrente no prazo dos 10 días seguintes á súa solicitude; e segunda, que este é un contrato de servizos de tracto sucesivo, polo que, en caso de estimación do recurso, a situación é perfectamente reversible, cosa que non sucedería se fose unha obra que podería estar finalizada no momento da resolución do recurso. Esta circunstancia fai imposible o poder aplicar neste momento a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Sétimo.- En mérito ó exposto, SE PROPON Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Comunicar ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a imposibilidade de aplicación da medida cautelar de suspensión polas razóns expostas no fundamento xurídico sexto do presente informe” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas.
Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez